



**DOCUMENTO PARA A INFORMACIÓN PÚBLICA DA ANULACIÓN DA
CONEXIÓN PO-551 – VG-4.5 INCLUIDA DENTRO DO PROXECTO DE
TRAZADO E IMPACTO AMBIENTAL DAS VARIANTES DE CANGAS E
MOAÑA (CLAVE: PO/07/220.01).**

1.- ANTEDECENTES

Con data do 10 de xullo de 2012, a directora da Axencia Galega de Infraestructuras aprobou provisionalmente o proxecto de trazado e impacto ambiental das variantes de Cangas e Moaña (clave: PO/07/220.01).

Con data do 20 de xullo de 2012 publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 139 a Resolución de 26 de xuño de 2012 da directora da Axencia Galega de Infraestructuras pola que se someteu ao trámite de información pública o proxecto de trazado e impacto ambiental das variantes de Cangas e Moaña (clave: PO/07/220.01), así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

Con data de 22 de agosto de 2012 publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 159, a Resolución de 8 de agosto de 2012 da directora da Axencia Galega de Infraestructuras pola que se ampliaba o prazo de información pública do referido proxecto de trazado.

Con data de 31 de marzo de 2014, a directora da Axencia Galega de Infraestructuras, por delegación do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (Orde do 4 de



febreiro de 2013, Diario Oficial de Galicia de 20 de febreiro), resolve aprobar o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de trazado e impacto ambiental das variantes de Cangas e Moaña (clave: PO/07/220.01), o que foi publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 77 de 23 de abril de 2014.

Nesta resolución apróbase continuar cos proxectos en relación á Variante de Cangas e a Conexión PO-551 – VG-4.5 (Tirán), pero resólvese deixar sen efecto o proxecto en relación ao treito da Variante de Moaña e a conexión PO-313 – VG-4.5 (Sabaceda), debido ás diversas alegacións recibidas por parte do Concello de Moaña e de varios grupos veciñais, que solicitaron a retirada deste treito por consideralo innecesario e con elevado impacto sobre o medio humano e natural; e pola necesidade de revisión do trazado solicitado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Un dos treitos aprobados é a Conexión PO-551 – VG-4.5 (Tirán), coa función de habilitar unha conexión directa entre a PO-551 (Marín – Rande), na contorna de Tirán, co enlace de Ameixoadá da VG-4.5 (Moaña <CG-4.1> - Cangas <PO-554>), mellorando a accesibilidade a este enlace. Iniciaríase na glorieta existente do enlace de Ameixoadá e concluiríase noutra nova glorieta sobre a PO-551, en Tirán. Presenta unha glorieta intermedia que separa o primeiro treito, de accesos controlados, do segundo, con accesos a nivel nas marxes. Esta actuación complétase coa ampliación do vial de acceso ao enlace de Ameixoadá (“Conexión Oeste Ameixoadá”).



2.- RECURSO DE REPOSICIÓN

Con data de maio de 2014 foron interpostos recursos de reposición ao proxecto aprobado, que foi informado negativamente con data de 4 de xullo de 2014 pola Área de Planificación e Programación da Axencia Galega de Infraestructuras nos seguintes termos:

INFORME RELATIVO AOS RECURSOS DE REPOSICIÓN PRESENTADOS CONTRA A RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DEFINITIVA SOBRE O EXPEDIENTE DE INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO DE TRAZADO E IMPACTO AMBIENTAL DAS VARIANTES DE CANGAS E MOAÑA

Antecedentes:

O pasado 20 de xullo de 2012 publícase no DOG a resolución pola que se somete ao trámite de información pública o Plan de mobilidade viaria da península do Morrazo, xunto co proxecto de trazado de conversión en autovía do corredor do Morrazo CG-4-1, treito enlace de Rande – enlace de Cangas, e o proxecto de trazado e impacto ambiental (PT+IA) das variantes de Cangas e Moaña.

Os viais desenvolvidos concretamente no PT+IA das variantes de Cangas e Moaña xorden da necesidade de reordenar o tráfico da estrada PO-551, que atravesa os núcleos de Moaña e Cangas, cun entorno densamente poboado e con edificacións en ambas marxes da estrada. Preténdese acadar una mellora na seguridade vial, fluidez nos desprazamentos, redución dos tempos de percorrido e incremento da calidade de vida dos veciños do entorno, ao tempo que se integran adecuadamente no planeamento previsto e complementan o corredor do Morrazo.

Posteriormente, o 22 de agosto de 2012 publícase no DOG a resolución pola que se amplía o prazo da información pública ata o 28 de setembro de 2012, debido que o período para consultas ou alegacións se desenvolve case integramente en época estival.

Tanto da información pública como da súa ampliación informouse a todos os concellos e organismos afectados, facilitándolles a documentación necesaria para que puideran examinar os trazados propostos.



O 8 de outubro de 2012 ten entrada na Área de Planificación e Programación a alegación presentada polo Concello de Moaña onde só solicitan a paralización do Plan de mobilidade viaria da península do Morrazo, debido a que a cartografía empregada non está actualizada.

O 23 de abril de 2014 publícase no DOG o anuncio polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental, relativa ao PT+IA da obra das variantes de Cangas e Moaña.

Finalmente, como consecuencia do estudo a análise de todos os informes, observacións e alegacións presentadas durante a fase de información pública, publícase o 23 de abril de 2014 o anuncio polo que fai pública a resolución de aprobación do expediente de información pública e definitiva do PT+IA das variantes de Cangas e Moaña (clave PO/07/220.01).

Nesta aprobación definitiva, por un lado, resólvese deixar sen efecto a parte do proxecto que atinxe a Variante de Moaña, despois de considerar diversas alegacións emitidas polo Concello de Moaña e certos grupos veciñais, e a necesidade de revisión do trazado solicitada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Por outro lado, e con respecto ao tema que nos ocupa, na Conexión PO-551-VG-4.5 (Tirán) consideraranse as medidas requiridas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, completaranse algúns treitos de beiravías e acondicionárase como parque unha zona a expropiar, con estacionamento para minusválidos.

O pasado mes de xuño de 2014 esta Área de Planificación e Programación recibe dúas comunicacións do Servizo de Xestión Xurídico-Administrativa, onde se nos achegaban os seguintes recursos de reposición contra a aprobación do expediente de información pública e definitiva do proxecto de trazado e impacto ambiental das Variantes de Cangas e Moaña, clave: PO/07/220.01:

- *M^o José Magariños Martínez (Secretaría da A.N.P.A. Madreboa): alega falta de motivación e congruencia na resolución.*
- *Francisco Ferreira Lorenzo (presidente da Xunta Xestora da AAVV de Tirán): alega falta de motivación e congruencia na resolución, e achegan o acordo do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Moaña.*
- *Luís Chapela Lorenzo, xunto con 21 sinaturas: alegan falta de motivación e congruencia na resolución.*



➤ *Concello de Moaña: alega que se trata dunha actuación innecesaria e solicita a anulación da Conexión PO-551-VG-4.5 (Tirán) e a mellora de diversos viais do entorno do actual Corredor do Morrazo.*


Compre sinalar, por resultar de especial relevancia, que non consta nesta Área de Planificación e Programación que os agora recorrentes M^a José Magariños (ANPA Madreboa), Francisco Ferreira (AAVV Tirán) e Luis Chapela presentaran, durante o período de información pública, alegación algunha ao citado expediente.

Polo que respecta ao Concello de Moaña, só consta no noso expediente, en primeiro lugar, a alegación deste concello solicitando a paralización do Plan de mobilidade viaria da península do Morrazo, debido a que a cartografía non está actualizada e, en segundo lugar, a alegación da Asociación de Veciños O Cristo, cunha moción aprobada polo Concello de Moaña, onde solicitaban a retirada do proxecto da Variante de Moaña, precisamente a variante que se deixa sen efecto na aprobación definitiva.

Por todos estes antecedentes expostos, procédese a emitir este INFORME:

A conexión PO-551-VG-4.5 (Tirán) xorde da necesidade de dotar dunha adecuada funcionalidade ao Corredor do Morrazo, e ao seu futuro desdoblamento. Tamén preténdese a canalización do tráfico a través de vías de alta capacidade para non manter dito tráfico a través da rede convencional, o que leva consigo unha maior afección á poboación e unha menor seguridade vial.


Ser unha conexión do corredor leva parello un carácter supramunicipal con afección á mobilidade dos concellos limítrofes, e en especial ao concello de Cangas. Isto limita a súa anulación a través dun recurso de reposición, sen trámite de información pública, onde os posibles afectados polo cambio de criterio podan manifestar a súa opinión.



Non é unha conexión nova, xa que dito enlace existe a través do viario local. Trátase soamente de dotar á conexión existente das características adecuadas. A conexión que se propón é a baixa velocidade, sen apenas impacto, e cun deseño urbano. As interseccións modifícanse por glorietas, incluída á de acceso ao CEIP de Tiran.

Por outra banda na aprobación definitiva do proxecto de trazado fixéronse tres condicións para esta conexión e que incidían no seu carácter urbano:

- 1.- Consideraranse as medidas requiridas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Respecto do Cruceiro de Faxáns, deberá redactarse previamente á execución o proxecto de traslado por un técnico competente, que será remitido á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para o seu informe.
- 2.- Completarase o deseño engadindo un treito adicional de beiravía na marxe esquerda entre os PP.QQ. 0+200 – 0+250, dispoñendo beiravías na contorna da glorieta 2 e dando continuidade ás beiravías da marxe dereita ata o centro escolar.
- 3.- Acondicionarase como parque a zona a expropiar na contorna do P.Q. 0+200 (marxe esquerda), habilitando zona de estacionamento para minusválidos.



Entendemos que se poden completar estas medidas con outras para acadar unha velocidade adecuada nesta conexión, pero o feito de suprimir dita conexión tería unha incidencia negativa na mobilidade do concello, e un impacto ambiental adverso.

Por todo o exposto, desestimouse o recurso de reposición e mantívose a resolución de aprobación.

3.- PROPOSTA

Aínda que o recurso de reposición foi informado desfavorablemente; de suprimir a conexión, non tería unha incidencia directa sobre a rede autonómica. Do expediente dedúcese que esta actuación podería ter un carácter local, no ámbito territorial da confluencia dos concellos de Cangas e Moaña. Así mesmo, mantense o desacordo con diversas asociacións e veciños de Moaña, así como a oposición unánime da corporación do Concello de Moaña.



Por todo elo redáctase un documento para información pública que propoña a supresión da conexión, e que permita valorar a través dun proceso de información pública o carácter supramunicipal desta actuación, incorporando ao procedemento a apreciación tanto dos afectados como dos posibles usuarios. Por todo isto proponse:

1.- Deixar sen efecto a resolución de aprobación do proxecto de trazado e impacto ambiental das Variantes de Cangas e Moaña (Clave: PO/07/220.01) no que atinxe á Conexión PO-551 – VG-4.5 (Tirán).

2. Someter esta anulación ao trámite de información pública e ao informe das administracións afectadas.

Recóllense a continuación os planos de situación e planta, coa actuación prevista no proxecto de trazado e impacto ambiental das Variantes de Cangas e Moaña (clave: PO/07/220.01) para esta Conexión PO-551 – VG-4.5 (Tirán), e como quedaría ao deixar sen efecto o proxecto en relación con este treito.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2016



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: civ.infraestructuras@xunta.es



CONEXIÓN VG-4.5 APROBADA



SITUACIÓN DE LA ZONA DE ESTUDIO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVIENDA



axi
Asesoría técnica
de infraestructuras

PROYECTO: PO-551/VG-4.5 (TRAN)

FECHA: 11/05/2016

HOJA: 1

ESCALA: 1:25.000

PROYECTO: PO-551/VG-4.5 (TRAN)

FECHA: 11/05/2016

HOJA: 1

INFORME SOBRE LA NO EJECUCIÓN DE LA CONEXIÓN PO-551/VG-4.5 (TRAN)

PROYECTO: PO-551/VG-4.5 (TRAN)

FECHA: 11/05/2016


HOJA: 1

SITUACIÓN DE LA CONEXIÓN PO-551/VG-4.5 (TRAN)

PROYECTO: PO-551/VG-4.5 (TRAN)

FECHA: 11/05/2016

HOJA: 1



	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS				DIRECTOR DO PROXECTO	Escala:		TÍTULO:	PROXECTO DE TRAZADO E IMPACTO AMBIENTAL DA OBRA: VARIANTES DE CANGAS E MOAÑA.	FECHA:	EVALUACIÓN:	AUTOR:	FECHA DO DISEÑO:	PLANTA GENERAL: CONEXIÓN PO-551 / VG-4.5 (Trán).	FOLIO 3 DE 3
						1:1000	1:1000								



ESTADO FINAL

PROPOSTA TRALA ANULACIÓN DA ACTUACIÓN

